

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VÍCTOR LÓPEZ SEOANE
CURSO: 5º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO:
DATA: 05/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas traballados previamente e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	Comprende información básica escrita relacionadas cos temas traballados previamente.
Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.	Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades.
Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes.	Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.
Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación.	Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual seguindo o modelo traballado.
Usar ferramentas informáticas para completar actividades e realizar sinxelas presentacións e transmitir información.	Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos.
Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas cunha ortografía aceptable.	Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc.
Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades.	Amosa interese polo uso das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.
	Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual.
	Uso do dicionario online e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Se tomarán en conta todas as observacións e o seguimento sistemático do alumno ao longo do 1º e 2º trimestre, tendo en consideración todos os traballos escritos e actividades de clase, lecturas , actitude de aprendizaxe, e precisión na expresión así como as probas escritas do 1º e 2º trimestre. Tamén se terán en conta todos aqueles traballos enviados polo alumno neste trimestre.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">- Observación diaria segundo o horario da utilización da plataforma.- Obtención de informes (rexistros, rexistros activos, actividade e participación na materia)- Utilización doutras ferramentas dixitais imprescindibles para a aprendizaxe virtual: uso do correo, mensaxería.
Cualificación final	- Media das cualificacións das dúas primeiras avaliacións, á que haberá que engadir ,de ser o caso, puntuación polo traballo presentado no terceiro trimestre.
Alumnado de materia pendente	En canto ao alumnado con esta materia pendente do curso anterior de non alcanzar cualificación positiva no presente curso, aplicarase o mesmo procedemento que na avaliación final. Tendo en conta as probas dos primeiros trimestres, as tarefas enviadas neste trimestre e a observación da actitude segundo o interese, esforzo e participación ao longo do curso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	- Actividades de repaso, reforzo e ampliación colocadas na páxina creada para tal fin en edixgal cada semana.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para o alumnado con conectividade farase uso de recursos do libro dixital e actividades e recursos colocados na páxina creada no entorno virtual de aprendizaxe de E-dixgal para tal fin. Para o alumnado sen conectividade imprimiráanse os documentos propostos na páxina web para que os servizos do concello llos poidan achegar á súa casa.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - O libro de texto na plataforma dixital E-DIXGAL de Netex, tamén se recurrirá a contidos de Edebé e Aula Planeta para complementar ou reforzar, que tamén se atopan en dita plataforma. - Todos as ferramentas e os recursos na web (videos,xogos interactivos, contidos doutros cursos...)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Información ás familias a través da páxina web do centro e do correo electrónico, a través da mensaxería da rede de E-dixgal e dos correos de Abalar.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.